

CONVOCATORIA DO DÍA DO APICULTOR 2015

O domingo 1 de febreiro celebraremos o DIA DO APICULTOR en Arzúa. É un bo momento para coñecer e participar activamente nas actividades de AGA para o 2015. Falaremos, entre outros temas, sobre a Vespa Velutina e haberá varios obradoiros prácticos. De paso tamén poderedes realizar diversos trámites:

- 1.- **Renovar a póliza multirrisco do seguro das colmeas.** O custe é de 1 €/colmea. A actual póliza caduca o día 7 de febreiro e lembramos que non se renova automaticamente, polo que é necesario comunicar en AGA o nº de colmeas e o nº de rexistro apícola, despois de ter actualizado o caderno na oficina agraria.
- 2.- **Realizar as xestións do PLAN APÍCOLA 2015.** A orde das axudas foi publicada o día 12 de xaneiro de 2015 no DOGA nº 6, pódese descargar dende a web de AGA. Teremos o prazo de 1 mes para solicitalo.
- 3.- **Adquirir equipos e facer pedidos** de materiais e tratamentos.

PLAN APÍCOLA 2015

Os apicultores/as poden **obter os seguintes beneficios** destas axudas:

- 1.- Ata o 80% dos custes do tratamento contra a varroa
- 2.- Ata o 50% dos custes de fondos sanitarios e das láminas de cera da cámara de cría, máximo 4 láminas por colmea.
- 3.- Ata o 50% dos custes do seguro. No ano 2014 non houbo esta subvención por non chegar os fondos, que son en total 400.000 € coma en anos anteriores.
- 4.- Os apicultores/as con máis de 50 colmeas que fagan transhumancia poden solicitar as axudas da liña C pola súa conta.

Para recibir estas axudas os socios e socias deberán ir á oficina agraria comarcal a actualizar o caderno apícola e enviar a AGA antes do 5 de febreiro as fotocopias das páx. 1, 4, 5 e 9 actualizadas (non é necesario compulsalas), xunto coa solicitude do seguro, material e tratamentos. Tamén se poden entregar o DIA DO APICULTOR en Arzúa. Para acceder ás axudas é obrigatorio ter contratado un seguro de colmeas, a través de AGA ou por conta propia. As persoas que teñan o seu propio seguro terán que enviarnos un certificado e xustificante de pago do mesmo e os que o fagan por AGA téñeno que indicar na solicitude.

O DIA DO APICULTOR ofreceremos información sobre o PLAN APÍCOLA, xa que hai socios/as que non realizan todos os trámites e logo a súa petición ven rechazada coa conseguinte devolución dos cartos.



SOLICITUDE DE SEGURO, MATERIAL APÍCOLA E TRATAMENTOS VARROA – PLAN APÍCOLA 2015

Nome socio/a:

Nome titular libro explotación apícola (se é diferente do anterior):
.....

Nº rexistro apícola: Nº colmeas para o seguro:

Nº láminas de cera: Nº fondos sanitarios:.....

Nº colmeas para tratamento da varroa: Asdo.:

Entregar o Día do Apicultor ou enviar antes do 05/02/15 a

AGA – Feira Nova s/n 15819 Santa María (Arzúa)

.....

DÍA DO APICULTOR 2015

Domingo, 1 de febreiro de 2015 en Arzúa

Pola mañán, no salón de actos da Asociación de Veciños de Santa María:

Ás 11 horas

- Presentación do programa de AGA 2015, por Suso Asorey
- Axudas do PLAN APICOLA 2015, por Gonzalo Calvo
- Apiturismo: Viaxe a Eslovenia, por Paula Souto
- Campaña de promoción DAS MIÑAS COLMEAS, por Isabel Sanjurjo

Ás 12 horas - Proxección do audiovisual sobre a Vespa Velutina e mesa redonda coa participación de representantes de AGA e abelleiros/as afectados.

Ás 13 horas - Asemblea xeral de AGA

Pola tarde, na nave de Erica Mel e no Centro do Queixo e do Mel:

Ás 16 horas

- Obradoiro de xestión do apiario por medio das novas tecnoloxías e sistema antirrobo. Por Mellarius (Portugal) na Biblioteca do Centro do Queixo e do Mel
- Obradoiro de estampación de cera, por Paco Graña. Na nave de Erica Mel
- Obradoiro de encerar cadros de plástico, por Ricardo Mosquera. Na nave de Erica Mel

Durante todo o día, en Erica Mel e no Centro do Queixo e do Mel: Feira de materiais apícolas e meles.

Ás 18 horas - Clausura.

CONVOCATORIA DA ASEMBLEA XERAL DE AGA

Día 1 de febreiro de 2015 ás 13 horas no local da Asociación de Veciños de Santa María en Arzúa:

- Lectura e aprobación da acta anterior, se procede
- Relatorio de actividades realizadas e economía do ano 2014
- Proposta de programa de actividades e presuposto para o ano 2015.
- Proposta de suba da cota de AGA de 40 a 50 €/ano, para o 2015
- Rogos e preguntas

MAIS INFORMACIÓN E ATENCIÓN Ó SOCIO/A

AGA – Asociación Galega de Apicultura

Horario: de luns a venres, de 10 h. a 14 h. e de 16 h. a 18 h.

Centro do Queixo e do Mel - Feira Nova s/n 15819 Santa María (Arzúa)

Tel. 981 508 142 / 630 069 637

Email: aga@queixoemel.org / Web: www.apiculturagalega.es